

ARTE DRAMÁTICA

1. OS ESTUDIOS SUPERIORES DE ARTE DRAMÁTICA

Os estudos superiores de Arte Dramática aparecen regulados na Lei de ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) e foron posteriormente desenvolvidos a través do Real decreto 754 de 1992, no que se establecían os aspectos básicos do seu currículo e se regulaba a proba de acceso ós mesmos. Na nosa comunidade estes estudos foron regulados polo Decreto 220/2005, do 7 de xullo, publicado no DOG do 8 de agosto de 2005

Para poder realizar a proba de acceso hai que estar en posesión do título de Bacharel (ou titulación equivalente). Tamén de maneira excepcional poderán presentarse aquelas persoas que, tendo 20 anos cumpridos, acrediten documentalmente unha experiencia profesional significativa.

Estes estudos estrutúranse en 4 anos académicos nos que se cursan un total de 3600 horas de formación.

Conducen á obtención dunha titulación equivalente, a todos os efectos, á de licenciado universitario.

2. AS TITULACIÓNS SUPERIORES EN ARTE DRAMÁTICA

A finalidade destes estudos é a formación de creadores e profesionais das artes escénicas e de pedagogos e investigadores do feito teatral, amais de especialistas naqueles outros campos ou ámbitos directa ou indirectamente relacionados coa teoría, a tecnoloxía e a práctica teatral. En consecuencia, os estudos contemplan tres especialidades, con varias opcións en dúas delas, que esquematizamos táboa seguinte:

Dirección de escena e dramaturxia	Dirección de escena
	Dramaturxia
Escenografía	Escenografía
Interpretación	Interpretación textual
	Interpretación xestual
	Interpretación con obxectos
	Interpretación no musical

3. A ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

A Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia foi creada mediante o Decreto 145/2005 de 2 de xuño. Vigo foi a cidade escollida para a súa creación.

Na actualidade a ESAD está situada nunhas instalacións provisionais, no IES de Bouzas, estando previsto que para o curso 2007-08 se traslade a un edificio de nova planta que se vai construír en San Paio de Navia (Vigo)

De momento están implantadas as especialidades de Interpretación (itinerario textual) e Dirección de Escena e Dramaturxia (opción de Dirección de escena). No futuro está prevista a implantación da especialidade de Escenografía, e das opcións de Dramaturxia e Interpretación xestual e musical.

4. ESTRUCTURA DAS PROBAS DE ACCESO

As probas de acceso constan de dous exercicios:

- ◆ Primeiro exercicio, común a tódalas especialidades.
Consiste nunha proba escrita na que os aspirantes analizarán un fragmento dunha obra dramática proposto de entre unha serie de textos de diversos autores. Pódense consultar no portal da Consellería de Educación.
- ◆ Segundo exercicio: Consiste nunha proba acerca dun texto proposto. Os fragmentos que poden entrar estarán dispoñibles no portal da Consellería de Educación. Existen dúas modalidades:
 - i. Especialidade de Interpretación.
 - ii. Especialidade de Dirección de escena e dramaturxia.

5. DATAS E DATOS DE INTERESE

- ◆ **Prazo de inscrición para os maiores de 20 anos que acrediten experiencia profesional:** no mes de marzo.
- ◆ **Prazo de inscrición nas probas para todos os aspirantes:** do 22 de maio ó 16 de xuño.
- ◆ **Realización das probas:** mes de xullo. Día 3: primeiro exercicio.
- ◆ **Días 10-14:** segundo exercicio.

Información extraída do portal da Xunta de Galicia